



ACTA Nº 2024/7

Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 11 de setembro de 2024

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

A Alcaldesa-presidenta xustifica a ausencia de D. Mario Andújar Mouzo por razóns laborais.

(FECHA: 12/09/2024 15:15:00)
 Mónica Rodríguez Ordóñez
 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

1. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/01 na modalidade de suplemento de crédito.
2. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+Adicional 2/2024. Exp. 2024/A008/000051.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

1. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/01 na modalidade de suplemento de crédito.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, o 6 de setembro de 2024, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/01 na modalidade de suplemento de crédito

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 2 de setembro de 2024, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente - Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2024/T002/000035 2024/SC/01
---	---	--------------------------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

CVD: 01AW5It8IkX/VTQMyywxD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. (FECHA: 12/09/2024 15:15:00) Mónica Rodríguez Ordóñez



PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/01, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente financiar os gastos seguintes:

- Abono das mensualidade do último cuadrimestre do ano ao concesionario que presta os servizos de vivenda comunitaria, escola infantil, lavandería e comedor sobre rodas. Importe 40.961,01 €
- Certificación final obra pavimentación do viario de salto a Reboredo. Importe 9.066,30 €
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 1532 22699 "Pavimentación de vías públicas Outros gastos diversos" co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello. Importe: 78.000,00 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 334 22699 "Promoción cultural Outros gastos diversos" co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello que están suxeitas a financiamento alleo pendente de concesión. Importe: 150.000,00 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 453 22699 "Estradas Outros gastos diversos" co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello que están suxeitas a financiamento alleo pendente de concesión. Importe: 10.414,76,00 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 920 22699 "Administración xeral Outros gastos diversos" para facer fronte a gastos derivados do normal funcionamento da administración deste Concello. Importe: 50.000,00 euros

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
231 47200	Asistencia social primaria Subv para reducir o prezo pagado polos consumidores	40.961,01 €
453 61900	Estradas Outras Inver reposición de infraestruturas	9.066,30 €
1532 22699	Pavimentación de vías públicas Outros gastos diversos	78.000,00 €
334 22699	Promoción cultural Outros gastos diversos	150.000,00 €
453 22699	Estradas Outros gastos diversos	10.414,76 €
920 22699	Administración xeral Outros gastos diversos	50.000,00 €
TOTAL GASTOS		338.442, 07 €

ESTADO DE INGRESOS

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	RECAUDADO
42000	PTE Tributos do Estado	338.442, 07 €
TOTAL INGRESOS		338.442, 07 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.

Aberto o turno de intervención, D. José Manuel Rodríguez Blanco comenta que non está suficientemente explicado a que se vai dedicar o concepto de gastos culturais e agradecería que se aclarase.

Refírese ás liquidacións finais de obra e a súa reiteración, plantexando que quizáis é por proxectos mal redactados e que por tanto, se redacten por técnicos propios co aforro que iso suporía.

D. Benjamín Queiro Pérez dí que está dacordo co voceiro anterior, e que estamos ante un problema de sobrecostes de obra e hai que estar vixiantes e repercutir no seu caso no redactor os desvíos que poidera haber.

Tamén pregunta onde irán os 150.000 euros de cultura.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que hai que diferenciar entre liquidacións de obra previstas na Lei de contratos, e os sobrecostes que están vinculados a modificacións do contrato, sen que as primeiras supoñan diferentes unidades de obra a incorporar e que son habituais en tódolos contratos de obras de tódolos concellos.

En relación á programación cultural, é un destino xenérico e logo se concretará en actuacións singulares, é un tema de aplicacións orzamentarias e a súa clasificación por capítulos e programática como corrobora o interventor municipal.



Pasase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tando aprobado o ditame.

2. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+Adicional 2/2024.Exp. 2024/A008/000051.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, o 6 de setembro de 2024, que se reproduce a continuación:

"1º. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+Adicional 2/2024. Exp. 2024/A008/000051.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 3 de setembro de 2024, que se reproduce literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+Adicional 2/2024. EXP.2024/A008/000051.

Vista a circular sobre a elaboración do POS + Adicional /2024 (RE 202400000001942, de 04/06/2024), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a un total de 593.983,52 euros, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

"1.- "Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2024**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	322.043,75 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos	

CVD: 01AW5It8IKX/VTQMyyxD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. Mónica Rodríguez Ordóñez (FECHA: 12/09/2024 15:15:00)



			abastecem. de auga potable)		
--	--	--	--	--	--
--	--	--	--	--	--
--	--	--	--	--	--
TOTAL	--	--	--	--	--

Investimentos financeiramente sostibbles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
Decantador na instalación do suministro de augas de Vimianzo	162.860,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	162.860,00 €
Mellora da estrada municipal Trasouteiro no concello de Vimianzo	47.117,85 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	47.117,85 €
Mellora capa rodaxe viario en Baíñas	61.961,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	61.961,92 €
TOTAL	271.939,77 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	271.939,77 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	322.043,75 €				322.043,75 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos	271.939,77 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	271.939,77 €



(non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)					
TOTAL	593.983,52 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	593.983,52 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

O que asina en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordoñez
(documento asinado electrónicamente)"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Obras e Urbanismo, por 6 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo"

Aberto o turno de intervencións, a Alcaldesa-Presidenta explica o destino a gasto corrente e inversión concretada en tres obras, Decantador de suministro de auga 1ª fase, Estrada Trasouteiro a Domusvi e Capa de rodaxe en Baíñas.



D. Benjamín Queiro Pérez pregunta, se a renovación do decantador está relacionada cos olores de fai un ano.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que é por razóns tecnolóxicas e de deterioro no tempo, que xa se fixo unha gran actuación ó entrar no goberno para auga no polígono e nos edificios do entorno da fonte dos cabalos, sendo ese o obxectivo, non facer obras faraónicas olvidando as necesidades periódicas.

Remata facendo referencia ó compromiso de rematar a fase do Sisto para adiante, e explica a compensación do préstamo provincial que se fai para non devolver líquido, e deste xeito non se reduce a caixa municipal pero é subvención da que non se pode dispoñer por disfrutala no seu tempo a través daquel medio.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo ás 9:34 horas a alcaldesa-presidenta levanta a sesión, e eu como secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz